https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 13:50:19
Nº Rexistro: 42358
Data envio: 17/12/2025 13:50:19.284

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensa o Goberno presentar algún informe sobre a evolución do IPI e do PIB industrial en Galiza así como sobre as medidas concretas adoptadas para reverter a tendencia negativa?

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas pensa desenvolver o Goberno Galego para reverter a situación da perda de peso industrial na Galiza dende o 2009?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 13:50:19
Nº Rexistro: 42358
Data envio: 17/12/2025 13:50:19.284

**Asinado dixitalmente por:**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/12/2025 13:48:25**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 17/12/2025 13:49:01**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/12/2025 13:49:08**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 13:50:19
Nº Rexistro: 42358
Data envio: 17/12/2025 13:50:19.284

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/12/2025 13:50:20**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2025 13:07:17
Nº Rexistro: 42456
Data envío: 18/12/2025 13:07:17.698

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/12/2 13:05
Por Daniel Castro Ga

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o uso do galego por parte do buscador de Google e como afecta á presentación das páxinas web en galego.

Asinado o día 18/12/2025 ás 13:05
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao facer unha busca en Google, moitas páxinas ábrense por defecto en castelán. Isto acontece a pesar de que se chegue a esa páxina nunha busca no navegador feita en galego, nun navegador configurado en galego. Isto ten que ver coa configuración deste buscador, o máis utilizado con moita diferenza, que non ten en conta a nosa lingua. Por defecto, Google mostra os resultados en castelán, ignorando as buscas en galego.

A pesar de que é posíbel configurar a interface do navegador Google en galego, e isto mellora lixeiramente a busca, os resultados seguen a mostrarse en castelán. Polo tanto, aínda que a busca se faga en galego, os resultados mostraranse en castelán, cousa que non acontece con outras linguas, para as que Google si permite facer esta delimitación.

O buscador Google rexistra unha importante cantidade de buscas cada día (miles de millóns), e representa a vía de chegada a Internet para gran parte dos usuarios e usuarias. A desaparición do galego no que respecta ao posicionamento neste buscador desincentiva, sen ningunha dúbida, o uso da nosa lingua nas páxinas web, especialmente nos contidos que teñen que ver co ámbito económico.

Asinado o día 18/12/2025 ás 13:05
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto ten consecuencias tamén para a presenza do galego na publicidade, e tamén, loxicamente, para as páxinas web do goberno galego.

Os obxectivos xerais da área de novas tecnoloxías do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega inclúen o de “3. Potenciar a presenza da lingua galega en Internet”

O artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía de Galiza establece que “os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse á empresa Google para demandarlle que facilite a presenza do galego no seu buscador.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2025 13:07:17
Nº Rexistro: 42456
Data envio: 18/12/2025 13:07:17.698

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 18/12/2025 13:05:46
Mercedes Queixas Zas na data 18/12/2025 13:05:52
Daniel Castro García na data 18/12/2025 13:05:58
Ana Pontón Mondelo na data 18/12/2025 13:06:04

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2025 13:07:17
Nº Rexistro: 42456
Data envio: 18/12/2025 13:07:17.698

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/12/2025 13:07:18

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Encarnación Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

**Exposición de Motivos**

A 'Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde' é -xunto coa 'Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias'- a norma que vertebra o Sistema Nacional de Saúde desde o prisma da Ordenación Profesional.

A citada 'Lei 55/2003' ten por obxecto "establecer as bases reguladoras da relación funcionarial especial do persoal estatutario dos servizos de saúde que conforman o Sistema Nacional de Saúde, a través do Estatuto Marco do devandito persoal" e foi modificada en distintos momentos co transcurso dos anos.

Exemplos diso son os cambios nos artigos 59.3 e 61.2 materializados coa 'Lei Orgánica 3/2007'; no artigo 67 mediante a 'Lei 14/2011', e, entre outros, nos artigos 9 e 33, así como na disposición adicional décimo terceira, que se introduciron vía Real Decreto-lei 12/2022.

Nese contexto de cambios, o 'Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia' contén no seu Compoñente 18 -relativo á 'Renovación e ampliación de capacidades do Sistema Nacional de Saúde'- unha reforma, a número catro, focalizada no "reforzo das capacidades profesionais e redución da temporalidade" que contempla a actualización do 'Estatuto Marco'.

As propostas realizadas desde o Ministerio de Sanidade ata o momento para posibilitar a devandita actualización foron rexeitadas tanto polos representantes dos profesionais que conforman o Comité de Folga, en particular, a Confederación Estatal de Sindicatos Médicos e o Sindicato Médico Andaluz-.

Este rexeitamento traduciuse nos últimos anos en distintas concentracións nas rúas e numerosas declaracións en redes sociais e medios de comunicación, aínda que as maiores mostras do desagrado xerado son as tres folgas xerais de médicos celebradas

Asinado o día 18/12/2025 ás 18:52
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42462
Data envio: 18/12/2025 18:52:18.778

o 13 de xuño, o 3 de outubro e entre o 9 e o 12 de decembro, así como a folga de todo o persoal sanitario convocada con carácter indefinido a partir do próximo xaneiro.

A clasificación dos grupos profesionais, as xornadas de garda, o réxime de incompatibilidades, a xubilación voluntaria, as melloras nas retribucións… son algúns dos factores nos que o Goberno de España -ministerios de Sanidade, Facenda, Traballo e Economía Social, Transformación Dixital e Función Pública…- non soubo, non puido ou non quixo atender as peticións expostas polos profesionais sanitarios.

Pola súa banda, e diante a situación de bloqueo existente, a maioría das Comunidades Autónomas -e moi en particular desde Galicia- solicitaron ao Goberno de España que retire con inmediatez as súas propostas e inicie desde cero unha reforma do ‘Estatuto Marco’ acordada de verdade desde o diálogo, dado que o Goberno impulsou a súa proposta de reforma do Estatuto marco de costas ás Comunidades Autónomas, que son quen ten as competencias en materia de Sanidade.

Os Gobernos autonómicos solicitaron memorias técnicas, xurídicas e económicas que sustenten cada modificación da ‘Lei 55/2003’ que se expoña, e tamén que se garanta un financiamento realista e adecuado ás necesidades expostas polos profesionais sanitarios.

Unha negativa desde o Ministerio de Sanidade á formulación realizada desde as Comunidades Autónomas contribúe unicamente para empeorar o enfrontamento frontal existente cos profesionais, incrementando a súa frustración, así como o impacto negativo dos seus paros na actividade asistencial -para os pacientes- de todo o SNS.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

> “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que convoque a todos os axentes implicados co obxectivo de formular unha nova proposta de renovación do ‘Estatuto Marco’ que sexa froito do consenso real cos profesionais sanitarios e as Comunidades Autónomas, que conte coas memorias técnicas, xurídicas e económicas para fundamentar cada modificación do ‘Estatuto Marco’ vixente e que veña acompañado dun financiamento realista e adecuado para asegurar unha aplicación efectiva e tanxible de todo o disposto na nova norma.”

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 18/12/2025 18:52:02**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42462
Data envio: 18/12/2025 18:52:18.778

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/12/2025 18:52:22

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42464
Data envio: 18/12/2025 18:57:14.353

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **José Luis Ferro Iglesias, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

**Exposición de Motivos**

No mes de marzo de 2025 aprobábase na Comisión de Seguridade viaria do Congreso dos Deputados unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular relativa á nova normativa sobre o sinal luminoso V-16, orientada a garantir que os cidadáns recibisen información clara e suficiente sobre a súa futura obrigatoriedade a partir do mes de xaneiro de 2026. Aquela iniciativa instaba o Goberno de España a desenvolver campañas de comunicación que permitisen aos condutores coñecer con antelación a nova obrigación normativa e os seus prazos de aplicación.

Desde a aprobación daquela iniciativo, o debate público ao redor da implantación da baliza V-16 intensificouse, incorporando achegas de profesionais da seguridade viaria, asociacións de automobilistas, técnicos de emerxencia, entidades de consumidores, representantes da Asociación Unificada de Gardas Civís (AUGC) e especialistas do sector. Ademais, diversas asociacións de vítimas de accidentes de tráfico trasladaron que, aínda que valoran positivamente a baliza polo feito de evitar que o condutor teña que abandonar o vehículo e pola vantaxe engadida da xeolocalización, tamén consideran que a súa visibilidade non é plenamente óptima en todas as situacións, polo que sería necesario revisar e perfeccionar o dispositivo e a súa implementación para reforzar a súa eficacia en condicións adversas.

Estas voces puxeron de relevo diversos aspectos que requiren avaliación e clarificación antes da entrada en vigor da obrigatoriedade. Entre os elementos sinalados destacan:

- A eventual limitación do dispositivo en determinadas condicións, como curvas, cambios de rasante, situacións de luz solar intensa ou meteoroloxía adversa.

- A posible confusión entre dispositivos homologados e non homologados, tal e como advertiu a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU), o que podería xerar inseguridade xurídica entre os cidadáns.

Asinado o día 18/12/2025 ás 18:56
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

- A necesidade de garantir un mantemento adecuado, en particular en relación coa batería ou pilas, para asegurar o correcto funcionamento do dispositivo cando sexa necesario.

- A conveniencia de analizar, con datos obxectivos, a eficacia comparada entre a V-16 e os triángulos tradicionais en distintas contornas e circunstancias de circulación.

- A importancia de asegurar unha transición ordenada cara á obrigatoriedade en 2026, evitando situacións de descoñecemento, falta de información ou incerteza por parte dos usuarios da vía.

Así mesmo, aínda que desde o 1 de xullo de 2021 a baliza V-16 permítese voluntariamente como alternativa aos triángulos de preseñalización, o seu uso non se xeneralizou entre a cidadanía. Por iso, resulta necesario establecer un período de transición razoable que facilite unha adaptación ordenada, dado que aínda persisten dúbidas sobre o seu uso, funcionamento e requisitos, permitindo que poidan seguir utilizándose os triángulos de preseñalización ata que se dispoña dos informe técnicos que analicen a eficacia do sinal luminoso V-16 en distintos escenarios de circulación e condicións de visibilidade.

Estas observacións non cuestionan necesariamente a idoneidade do dispositivo prevista na normativa, pero si poñen de manifesto que a súa implantación debe realizarse con plena seguridade xurídica, evidencia técnica contrastada e suficiente información ao conxunto dos cidadáns, aspectos que xa anticipabamos na iniciativa presentada polo Grupo Parlamentario Popular. Por iso, resulta oportuno que o Goberno de España complete o proceso iniciado con medidas adicionais que acompañen de forma adecuada a transición, garantan a correcta homologación dos dispositivos e permitan avaliar a súa eficacia real, en beneficio da seguridade viaria e da confianza dos usuarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:
>
> > 1º.- Impulsar un proceso integral de avaliación do sinal luminoso V-16 que inclúa a elaboración dun informe técnico actualizado sobre a súa eficacia en distintos escenarios, a participación estable de entidades e profesionais expertos na súa análise e seguimento, e a realización dun informe anual que permita valorar a súa implantación, uso, incidencias e resultados, co fin de mellorar a seguridade viaria.



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2º. - Reforzar o control da homologación e do mercado, garantindo que as balizas V-16 comercializadas cumpren a normativa vixente, evitando a presenza de dispositivos non homologados e informando con claridade sobre os modelos válidos.

3º.- Desenvolver novas campañas de información e formación dirixidas aos condutores e aos profesionais da seguridade viaria sobre o uso correcto da V-16, o seu mantemento, a súa homologación e os prazos de aplicación da nova obrigación.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42464
Data envio: 18/12/2025 18:57:14.353

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 18/12/2025 18:56:42**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42464
Data envio: 18/12/2025 18:57:14.353

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/12/2025 18:57:15

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

## Exposición de Motivos

O cuartel de San Fernando constitúe un dos inmobles máis singulares e de maior potencial patrimonial da cidade de Lugo. Dende hai anos reclamouse un uso estable que contribuíse á posta en valor da historia e o reforzo da identidade cultural desta cidade. Neste sentido, cómpre lembrar o acordo alcanzado no seu momento entre a entón alcaldesa de Lugo e hoxe deputada autonómica do PSdeG, Lara Méndez, e o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, froito dunha reunión cualificada como un éxito para os intereses da cidade.

Naquela xuntanza, Xunta de Galicia e Concello de Lugo pecharon o pacto para a creación dun Museo da Romanización no antigo cuartel de San Fernando. O presidente Rueda anunciou a vontade do Goberno galego de cofinanciar o proxecto museístico, unha obra moi beneficiosa para poñer en valor a Historia da cidade. Ambas administracións quedaban á espera da contribución estatal, prevista con fondos Next Generation, para concretar a participación económica definitiva.

Dende aquela data, a Xunta de Galicia vén incorporando nos seus orzamentos unha partida destinada ao Museo da Romanización, consolidando así o compromiso adquirido. Non obstante, non acontece o mesmo noutras administracións, que non teñen reservado crédito ningún para esta finalidade. A maiores, non se lograron fondos europeos, polo que o impulso institucional segue a ser imprescindible para desbloquear un proxecto estratéxico para Lugo e para Galicia.

Con todo, recentes declaracións do actual alcalde de Lugo, Miguel Fernández, e o bloqueo político ao acordo que puido acadarse no Pleno do Parlamento de Galicia co obxecto do debate dunha iniciativa sobre o Museo da Romanización amosan unha aparente intención do PSOE de modificar as regras do acordo inicial e reconducir o proxecto prescindindo doutras administracións distintas do Concello e da Xunta. Isto xera incerteza institucional e preocupación social, ao tratarse dun proxecto que, pola súa dimensión e interese público, debe asentarse no consenso, na cooperación e na

Asinado o día 18/12/2025 ás 19:00
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

corresponsabilidade das catro administracións implicadas: Concello de Lugo, Xunta de Galicia, Deputación de Lugo e Goberno de España.

Por todo o anterior, considérase necesario reiterar a vixencia do compromiso adquirido no acordo inicial e estableza un marco claro de cooperación interinstitucional que permita avanzar na recuperación do edificio e na creación do Museo da Romanización, garantindo un financiamento sólido, plurianual e compartido.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º. Dirixirse ao Concello de Lugo para que ambas administracións asuman expresamente o compromiso de cumprir o acordo alcanzado entre a alcaldesa Lara Méndez e o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, polo que o Concello adquire a responsabilidade de xestionar, perante o Goberno Central, a consecución de fondos europeos necesaria para darlle impulso ao Museo da Romanización de Galicia en Lugo e a Xunta de Galicia comprométese a completar o financiamento do proxecto nos termos pactados.

2º. Dirixirse ao Concello de Lugo para que, a igual que fixo a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, inclúan nos seus orzamentos unha partida destinada ao inicio das obras de recuperación do edificio do antigo cuartel de San Fernando, así como que establezan conxuntamente un plan ou ruta financeira plurianual que garanta a viabilidade do proxecto ata a súa finalización.

3º. Estudar, no marco desta acción coordinada entre administracións, fórmulas de xestión compartida do futuro Museo da Romanización, aproveitando de forma especial a experiencia, capacidade técnica e solvencia da rede museística da Deputación Provincial, co obxectivo de garantir un funcionamento eficiente, profesional e de calidade que fortaleza a proxección cultural da cidade."

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42466
Data envio: 18/12/2025 19:01:40.901

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 18/12/2025 19:00:53**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 42466
Data envio: 18/12/2025 19:01:40.901

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/12/2025 19:01:41**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:28:52
Nº Rexistro: 42510
Data envio: 19/12/2025 10:28:52.271



**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

**Exposición de motivos**

España aprobou en 2022 a "Contribución de España ás Directrices Estratéxicas para unha Acuicultura da UE máis sostible e competitiva 2021–2030 (EsAcui 21-30)", que foi remitida á Comisión Europea como documento estratéxico nacional.

A devandita Estratexia recoñece que a acuicultura española é un sector cun enorme potencial. España é o primeiro produtor da Unión Europea en volume, e o propio documento constata a necesidade de dispoñer dun marco máis eficiente que achegue certeza, coordinación e previsibilidade, co obxectivo de superar retos regulatorios, ambientais, sociais e tecnolóxicos.

Así se recolle expresamente na presentación e no resumo executivo da Estratexia, onde se subliña a importancia de orientar o FEMPA e garantir un uso eficaz e eficiente das súas axudas para "impulsar de maneira definitiva a acuicultura en España".

A EsAcui 21–30 establece cinco obxectivos estratéxicos:

- Favorecer novas iniciativas e consolidar a actividade existente.
- Asegurar a competitividade e a viabilidade do tecido produtivo.
- Fortalecer a sostibilidade ambiental.
- Resolver os retos científico-tecnolóxicos e asegurar a xestión e transferencia do coñecemento.
- Mellorar a percepción social da acuicultura e dos seus produtos.

Asinado o día 19/12/2025 ás 10:28
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

Estes obxectivos complétanse con once áreas de traballo, entre as que se inclúen a gobernanza, o acceso ao espazo e á auga, o control, os mercados, a sostibilidade, o cambio climático, a innovación e o coñecemento.
Porén, tal e como recoñece o propio texto estratéxico, o marco xeral que precisa a acuicultura española continúa lonxe de ofrecer a certidume e previsibilidade necesarias.

A día de hoxe, o sector non percibiu avances materiais nos ámbitos que a Estratexia identifica como críticos: o acceso ao espazo, a axilización dos trámites administrativos, o impulso a novas instalacións, a transferencia de coñecemento, a mellora da competitividade ou unha acción coordinada para aproveitar de forma eficaz a financiación do FEMPA.

A propia Estratexia afirma que a acuicultura española require un "marco xeral máis eficiente, que achegue certidume e previsibilidade" e recoñece que aínda se atopa "lonxe de aproveitar todo o seu potencial".

Existe, polo tanto, unha brecha evidente entre o marco estratéxico aprobado e a ausencia de medidas efectivas por parte do Goberno do Estado para a súa execución.

A situación actual esixe reforzar o papel do Estado nos seus ámbitos competenciais, especialmente en:

- A coordinación interministerial, singularmente entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- A definición e aplicación da política ambiental básica, determinante para a tramitación e viabilidade de novas instalacións acuícolas.
- A planificación do espazo marítimo.
- A representación ante as institucións europeas, onde España debe velar para que os obxectivos ambientais e de conservación non dificulten de maneira inxustificada o desenvolvemento sostible da acuicultura.

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Todo o anterior, sen prexuízo nin interferencia nas competencias exclusivas que, nesta materia, corresponden ás comunidades autónomas, e singularmente a Galicia, que concentra unha parte esencial da produción acuícola do Estado.

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cómpre salientar, ademais, que Galicia conta con centros de referencia en formación e transferencia de coñecemento, como o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA), recoñecido a nivel europeo no ámbito da formación profesional acuícola. A súa integración nun Plan Nacional permitiría avanzar nun dos obxectivos estratéxicos da EsAcui 21–30: o reforzo da xestión do coñecemento, da cualificación profesional e do relevo xeracional.

Por todo o exposto, resulta imprescindible que o Goberno do Estado impulse a aplicación efectiva da Estratexia Española de Acuicultura 2021–2030, mellore a coordinación institucional, optimice o uso dos fondos europeos e elabore un Plan Nacional de Acción, que fortalezca o desenvolvemento da acuicultura española dentro do marco competencial vixente e con especial atención á realidade produtiva galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que:

1.- Publique e presente en sede parlamentaria un informe completo e actualizado sobre o grao de aplicación da Estratexia Española de Acuicultura 2021–2030 (EsAcui 21–30), identificando os avances realizados, os atrasos existentes e as medidas pendentes de execución.

2.- Elabore, en coordinación coas comunidades autónomas e respetando plenamente as súas competencias, un Plan Nacional de Acción para o Desenvolvemento da Acuicultura 2026–2035, que permita despregar de maneira efectiva os obxectivos e áreas de traballo da Estratexia 2021–2030.

3.- Impulse un mecanismo estable de coordinación interministerial entre o MAPA e o MITECO co obxectivo de reducir cargas administrativas, armonizar criterios ambientais, evitar duplicidades procedementais e garantir que a normativa ambiental básica non obstaculice de forma inxustificada o desenvolvemento sostible da acuicultura.

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.- Reforce a planificación do espazo marítimo, incorporando zonas de desenvolvemento preferente para a acuicultura, garantindo seguridade xurídica e acceso ordenado ao espazo, en coherencia cos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM).

5.- Optimice a utilización do FEMPA, priorizando aquelas liñas destinadas á innovación, á sostibilidade, ás novas instalacións, á adaptación ao cambio climático e ao incremento da competitividade do sector acuícola.

6.- Fortaleza a formación profesional e a capacitación acuícola, en colaboración coas comunidades autónomas e con centros de excelencia como o IGAFA, para impulsar a cualificación profesional, a transferencia de coñecemento e o relevo xeracional.

7.- Poña en marcha campañas de información e mellora da percepción social da acuicultura, de acordo co Obxectivo Estratéxico OE.5 da Estratexia 21–30, poñendo en valor os beneficios nutricionais, ambientais e económicos desta actividade".

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:28:52
Nº Rexistro: 42510
Data envio: 19/12/2025 10:28:52.271

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 19/12/2025 10:28:36**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:28:52
Nº Rexistro: 42510
Data envio: 19/12/2025 10:28:52.271

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 10:28:53

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:31:35
Nº Rexistro: 42512
Data envio: 19/12/2025 10:31:35.388

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

**Exposición de motivos**

O vindeiro 10 de xaneiro de 2026 entrará en plena aplicación o Regulamento (UE) 2023/2842, que revisa de maneira profunda o réxime de control da Política Pesqueira Común e impón novas obrigas en materia de seguimento, notificación electrónica, localización, trazabilidade dixital e control das actividades pesqueiras.

Aínda que o Regulamento entrou en vigor en xaneiro de 2024, a escasos meses da data na que as súas obrigas serán plenamente esixibles, o Goberno do Estado non dispón dun plan operativo público suficientemente definido que garanta a correcta aplicación da normativa e evite consecuencias negativas para o sector pesqueiro galego, particularmente para a pesca costeira artesanal.

A falta de preparación, planificación e adaptación normativa, administrativa e tecnolóxica por parte do Goberno do Estado pode provocar consecuencias graves, tales como:

Asinado o día 19/12/2025 ás 10:31
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Que numerosas embarcacións de pequena eslora non dispoñan dos equipamentos electrónicos necesarios para cumprir as novas obrigas.
- Que unha parte significativa do sector quede exposta a sancións por incumprimentos derivados non dunha mala praxe profesional, senón da inexistencia de medios axeitados.
- Que se produza un colapso administrativo pola implantación precipitada de sistemas dixitais complexos.
- Que as comunidades pesqueiras máis vulnerables sufran os maiores impactos ao non poder asumir nin os custos nin as dificultades técnicas da adaptación.

Este atraso na planificación supón un risco real para a continuidade da actividade, para a seguridade xurídica do sector e para a igualdade competitiva respecto doutros Estados membros que teñen avanzado con antelación na implementación do Regulamento.

Entre os aspectos que máis preocupación están a xerar no sector pesqueiro galego destacan, entre outros, os seguintes:

- A implantación do sistema de seguimento electrónico (ERS – diario electrónico de bordo) para todos os buques de eslora igual ou superior a 12 metros. No caso dos buques de menos de 12 metros, a súa aplicación é progresiva, podendo o Estado membro atrasala ata 2028 se xustifica a

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

inexistencia de dispositivos axeitados para embarcacións de pequena eslora.

- O rexistro electrónico de capturas (caderno dixital de pesca) obrigatorio para os buques de máis de 12 metros, e condicionado nos de menos de 12 metros á dispoñibilidade de medios técnicos determinados polo Estado membro.
- A notificación previa de entrada en porto, incluído o aviso previo para o desembarque, cun prazo que pode oscilar entre unha e catro horas segundo o tipo de pesqueira e de porto. Esta obriga afecta a todos os buques de máis de 12 metros e, no caso dos de menos de 12 metros, cando leven capturas de especies con obriga de desembarque ou suxeitas a TACs.
- A declaración de desembarque electrónica, obrigatoria para os buques de máis de 12 metros e, no caso dos de menos de 12 metros, cando descarguen especies suxeitas a cota ou cando así o determine o Estado membro.
- A trazabilidade dixital obrigatoria desde a primeira venda ata o destino final, que obriga tamén ás embarcacións de menos de 12 metros a facilitar información dixital das capturas, o que supón unha dificultade engadida para pequenos barcos sen conectividade suficiente.
- A posta en marcha do sistema CATCH, relativo á certificación dixital das importacións fronte á pesca (INDNR), que debe estar plenamente operativo en xaneiro para evitar un colapso administrativo.

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- A pesaxe obrigatoria das capturas antes da primeira venda, con posibles excepcións para buques menores de 12 metros, segundo a especie e o destino de comercialización.

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

. O reforzo do control da pesca recreativa, mediante rexistro e declaración electrónica para especies suxeitas a TACs ou con obriga de desembarque, especialmente atún vermello, peixe espada e túnidos tropicais, con impacto directo nas confrarías e nas comunidades costeiras galegas onde conviven a pesca profesional e a recreativa.

Por todo o exposto, resulta imprescindible instar ao Goberno do Estado a actuar con carácter urxente, co fin de garantir que a aplicación do Regulamento estea operativo o dez de xaneiro para que non sitúe ao sector pesqueiro galego, e en particular á pesca artesanal, nun escenario de inseguridade xurídica, desprotección e perda de competitividade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

1.- Detalle a situación real do sector pesqueiro respecto ao grao de implantación dos sistemas electrónicos de seguimento, notificación e trazabilidade esixidos polo Regulamento (UE) 2023/2842, identificando de maneira específica os segmentos da frota, especialmente a pesca costeira artesanal, que non están en condicións de cumprir as novas obrigas.

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2.- Poña en marcha con carácter inmediato un programa de apoio específico, que inclúa financiamento para a adquisición de equipos electrónicos, formación e asistencia técnica, dirixido ás embarcacións de pequena eslora, garantindo que ningunha quede excluída por falta de medios económicos ou tecnolóxicos.

3.- Estableza un marco transitorio de aplicación que evite sancións ou penalizacións ao sector naqueles casos nos que os incumprimentos deriven da falta de planificación, da insuficiente adaptación administrativa ou da ausencia de medios tecnolóxicos imputables ao propio Goberno do Estado.

4.- Informe ás comunidades autónomas e ás Cortes Xerais, antes do 31 de xaneiro de 2026, do grao de execución do plan de aplicación do Regulamento e das medidas adoptadas para garantir que a pesca artesanal e o conxunto do sector poidan cumprir as novas obrigas sen risco para a continuidade da actividade.

5.- Defenda ante a Comisión Europea a necesidade de establecer períodos de adaptación razoables e medidas de flexibilidade para as frotas de pequena escala, particularmente en territorios como Galicia, onde a pesca artesanal ten un peso estrutural no tecido económico e social".

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:31:35
Nº Rexistro: 42512
Data envio: 19/12/2025 10:31:35.388

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 19/12/2025 10:31:20**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 10:31:36**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:34:52
Nº Rexistro: 42514
Data envio: 19/12/2025 10:34:52.630

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Dolores Hermelo Piñeiro, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

**Exposición de motivos**

Galicia é, e segue a ser grazas ao esforzo das súas xentes do mar, a principal potencia pesqueira da Unión Europea. A nosa frota, as nosas confrarías e as nosas lonxas sosteñen unha parte fundamental da economía galega e preservan un modo de vida que define a identidade do noso país.

Neste último ano, a campaña da anchoa foi excepcional para o cerco, multiplicando por máis de tres as descargas respecto a 2024 e cuadriplicando a facturación. Con todo, esta mellora non chegou ás artes artesanais de xeito, racú e piobardeira, que quedaron excluídas dunha pesqueira na que historicamente tamén participaron e que precisan para garantir a súa subsistencia.

As confrarías levan meses reclamando ao Goberno de España unha solución razoábel e xusta: unha cota específica de anchoa en augas galegas ou unha fórmula estable de cesión desde o cerco. Pero esa petición, aínda que plenamente lexítima e sustentada en datos técnicos e históricos, non foi atendida nin sequera respondida pola Secretaría Xeral de Pesca.

O Grupo Parlamentario Popular considera que os intereses da pesca galega deben estar sempre por riba das siglas. A responsabilidade deste Parlamento é defender a quen vive do mar, e por iso é imprescindible unha posición común de Galicia para esixir ao Goberno de España que cumpra coa súa obriga en Europa.

Asinado o día 19/12/2025 ás 10:34
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:34:52
Nº Rexistro: 42514
Data envio: 19/12/2025 10:34:52.630

Porque, se Galicia é a primeira potencia pesqueira da UE, España debe actuar en Bruxelas en consecuencia.

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:34:52
Nº Rexistro: 42514
Data envio: 19/12/2025 10:34:52.630

PARLAMENTO DE GALICIA

Galicia non pode ser invisibilizada nin relegada. As nosas artes tradicionais, selectivas e sustentables non poden ser discriminadas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1.- Que negocie con urxencia ante a Comisión Europea e os Estados membros afectados a inclusión das artes de xeito, racú e piobardeira no acceso á pesqueira da anchoa nas zonas 8c e 9a, establecendo unha cota específica para estas artes ou articulando un mecanismo estable de redistribución que garanta a súa participación efectiva, ano tras ano, nesta pesqueira.

2.- Reforzar de maneira firme e continuada a posición de España nas negociación europeas, defendendo con claridade o peso de Galicia como principal rexión pesqueira da UE, para que as decisión relativas ás cotas e ao esforzo pesqueiro teñan en conta a realidade da nosa frota, o papel das confrarías e a importancia socioeconómica das artes tradicionais".

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:34:52
Nº Rexistro: 42514
Data envio: 19/12/2025 10:34:52.630

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 19/12/2025 10:34:38**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:34:52
Nº Rexistro: 42514
Data envio: 19/12/2025 10:34:52.630

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 10:34:53**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gonzalo Trenor López, Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez** e **Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

**<u>Exposición de motivos</u>**

En maio de 2025, a Xunta de Galicia presentou 62 proxectos ao Plan Social polo Clima por un importe de case 2.000 millóns de euros, para que servisen de base para a aplicación en España do Fondo Social para o Clima (FSC).

O Goberno de España tiña que ter presentado este Plan ante Europa antes de que rematara o mes de xuño e non o fixo.

Por iso, a Xunta, ante a preocupación pola posible perda destes fondos, motivada pola mala xestión do Goberno de Pedro Sánchez, e ante a falta de información e transparencia amosada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico neste asunto, dirixiuse directamente a Europa.

Tamén o fixeron os eurodiputados do PPdeG, Francisco Millán Mon, e Adrián Vázquez, solicitando á Comisión Europa información ao respecto e preguntando se existen mecanismos para que o Goberno español cumpra dunha vez por todas cos seus deberes e se o incumprimento por parte de España para traspoñer a Directiva 2023/959 (RCEDE 2) pode afectar á concesión destes fondos, o que

Asinado o día 19/12/2025 ás 10:37
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA

podería supor o retraso no desenvolvemento de importantes proxectos para Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que insista ante Europa na reclamación de información sobre a xestión de España có Fondo Social polo Clima".

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:37:46
Nº Rexistro: 42521
Data envio: 19/12/2025 10:37:46.369

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 19/12/2025 10:37:32**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 10:37:46
Nº Rexistro: 42521
Data envio: 19/12/2025 10:37:46.369

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 10:37:47**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 12:18:39
Nº Rexistro: 42577
Data envio: 19/12/2025 12:18:39.517

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 19/12/2 12:15
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Carmen Rodríguez Dacosta, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno.**

En decembro de 2023, a Xunta de Galicia anunciou publicamente na súa páxina *web* a execución das obras de reforma integral do CEIP Manuel Luis Acuña de Ourense, indicando que a súa licitación se realizaría ao longo do ano 2024 e que o inicio das obras estaba previsto para finais dese mesmo ano. Estas actuacións enmarcábanse no denominado Plan de nova arquitectura pedagóxica da Xunta de Galicia.

No devandito anuncio, o conselleiro de Educación afirmaba que estas reformas tiñan como obxectivo que "os centros educativos fosen cada vez máis modernos, accesibles e confortables". Porén, transcorrido máis dun ano desde ese anuncio, a realidade que vive a comunidade educativa do CEIP Manuel Luis Acuña pon en evidencia a distancia entre as promesas da Xunta e a súa acción real.

Tal e como denuncian as nais e pais do alumnado, a día de hoxe existen aulas pechadas debido á entrada de auga e ás baixas temperaturas. Os danos producidos por un temporal no ano 2025 foron obxecto de arranxos provisionais que, lonxe de seren unha solución transitoria, convertéronse na práctica en actuacións definitivas, sen que se abordase a reforma estrutural necesaria.

Asinado o día 19/12/2025 ás 12:15
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 19/12/2025 ás 12:15
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 12:18:39
Nº Rexistro: 42577
Data envio: 19/12/2025 12:18:39.517



A falta de actuación da Xunta de Galicia foi agravando progresivamente os danos no centro, xa que a entrada continuada de auga está a causar problemas na instalación eléctrica, provocando cortes de subministración que afectan directamente ao funcionamento da caldeira de calefacción. Como consecuencia, resulta imposible garantir unhas condicións térmicas axeitadas, obrigando a nenos e nenas de entre 4 e 12 anos a permanecer nas aulas e no comedor escolar abrigados coas súas chaquetas.

Estes contactos directos a números persoais non deberan estar vinculados con funcións profesionais do persoal orientador, nin formar parte das canles oficiais de comunicación entre a administración e o seu persoal, xa que poden supoñer unha vulneración da normativa de protección de datos e un uso impropio de información persoal.

Asinado o día 15/12/2025 ás 16:40
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2025 16:42:21
Nº Rexistro: 41769
Data envio: 15/12/2025 16:42:21.744

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así o explica a Asociación, en referencia ao artigo 6 do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPD), xa que “o número de teléfono privado do funcionariado non pode ser empregado para fins alleos ao estrito exercicio das súas funcións públicas. Trátase dun dato persoal que require garantías, respecto de unha finalidade claramente xustificada”.

Este Regulamento e a normativa estatal en materia de protección de datos esixen unha base xurídica válida, así como criterios de necesidade e proporcionalidade para tratar información persoal dos traballadores/as ao servizo da Administración.

Neste caso a Consellería de Educación debera ser a administración que garante o cumprimento da lexislación actual sobre a protección de datos e privacidade e non poñer en risco a seguridade das persoas traballadoras con prácticas pouco transparentes ou innecesarias, como é publicitar un evento organizado pola propia Consellería e que xa realizaran a convocatoria.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Abrir unha investigación de forma inmediata da orde ou procedemento que deu lugar ao uso indebido de números de contacto persoais para fins non laborais.

2.- Elaborar un informe público sobre os resultados desta investigación.

3.- Implementar protocolos claros sobre o uso de datos persoais do persoal traballador da Consellería de Educación que cumpran coa lexislación vixente e garantan que non se repetirá esta práctica.

4.- Comunicación oficial ao persoal de orientación afectado sobre os feitos e as medidas correctoras implementadas.”



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2025 16:42:21
Nº Rexistro: 41769
Data envio: 15/12/2025 16:42:21.744

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2025 16:42:21
Nº Rexistro: 41769
Data envio: 15/12/2025 16:42:21.744

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 15/12/2025 16:40:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/12/2025 16:40:38

Ana Pontón Mondelo na data 15/12/2025 16:41:09

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2025 16:42:21
Nº Rexistro: 41769
Data envio: 15/12/2025 16:42:21.744

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/12/2025 16:42:23

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42037
Data envio: 16/12/2025 15:31:04.552

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 16/12/2
15:30
Por Olalla Rodil Ferná

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e da deputada **Olalla Rodil Fernández,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre os problemas no CAPD Souto de Leixa no Concello de Ferrol.

Asinado o día 16/12/2025 ás
15:30
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión do Centro de atención a persoas con discapacidade Souto de Leixa, un centro público da Consellaría de Política social situado no Concello de Ferrol, foi adxudicado á entidade FUNDACIÓN HOSPITALARIAS o pasado día 9 de maio do 2025.

Este centro era xestionado desde o ano 2010 pola empresa CLECE, cando a Xunta tomou a decisión de privatizar a xestión do centro, comezando nese momento a degradación dun servizo que adoece de numerosos e graves problemas, e provocando as queixas das familias das persoas residentes, do persoal traballador, e mesmo de diferentes entidades e sindicatos da comarca de Ferrol que deron lugar ao nacemento da plataforma Agora Souto na defensa dos dereitos das persoas residentes, así como a mobilizacións e manifestos públicos.

Asinado o día 16/12/2025 ás
15:30
Por Ramón Fernández Alfonzo

Con certeza estas mobilizacións están na orixe do cambio na xestión do centro mais temos que dicir que 7 meses despois da entrada da nova entidade adxudicataria as eivas máis importantes seguen sen atenderse.

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42037
Data envio: 16/12/2025 15:31:04.552

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Non deixa de ser a constatación do que era previsíbel á vista do continuísmo dos pregos sobre rateo de persoal, e da falta de compromisos e dilixencia da Xunta de Galiza respeito das infraestruturas do centro.

A falta de persoal segue a ser a causa principal das continuas agresións e incidentes violentos, como acreditan as visitas case diarias da policía ás instalacións do centro, así como de outros problemas do servizo xa coñecidos.

E o mal estado do centro, con filtracións e pingueiras en diferentes pavillóns, atascos continuos en baños debido ao mal estado das tubaxes, falta de camas articuladas, falta de guindastre para acceder ao vaso terapéutico, mal estado da maquinaría da cociña (forno, tren de lavado, mesa quente...), un único ascensor que non funciona, etc, é responsabilidade inexcusábel da Xunta de Galiza como titular do centro.

Problemas coa medicación, violencia, falta de medios para os coidados básicos ou para os obradoiros, pingueiras, atascos continuos nos baños.... eivas graves que en conclusión significan a imposibilidade de que as persoas residentes no Souto de Leixa leven unha vida digna.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a recuperar a xestión pública do CAPD Souto de Leixa situado no Concello de Ferrol, acometer de xeito inmediato as necesarias obras de reparación, así como a dotación dos medios precisos para dar un servizo de calidade.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42037
Data envio: 16/12/2025 15:31:04.552

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 16/12/2025 15:30:15**

**José Manuel Golpe Acuña na data 16/12/2025 15:30:25**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/12/2025 15:30:32**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 42037
Data envio: 16/12/2025 15:31:04.552

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/12/2025 15:31:08**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:16:22
Nº Rexistro: 42116
Data envio: 16/12/2025 17:16:22.122

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/12/2 17:14
Por Óscar Insua Lema

Asinado o día 16/12/2025 ás 17:14
Por Mercedes Queixas Zas

Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 16/12/2025 ás 17:14
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Oscar Insua Lema** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre as queixas sobre dereitos lingüísticos recollidas no informe anual da Valedora do Pobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe anual presentado pola Valedora do Pobo recolle varias queixas en relación cos dereitos lingüísticos, moitas delas afectan directamente á administración galega, aínda que tamén un número importante está relacionado coa imposibilidade de usar o galego con normalidade na administración xeral do Estado en Galiza.

En concreto, o informe fai referencia a:

- documentación clínica (consentimentos informados) ou instrucións para o persoal do centro de saúde e para o paciente achegadas por un servizo hospitalario de Anatomía Patolóxica sobre a recollida de mostras nos centros de saúde de Atención Primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee).

- falta de atención telefónica en galego por parte de persoas empregadas en empresas municipais ou nunha dependencia do SERGAS na Área Sanitaria de Lugo.

- queixa dun cliente de Iberdrola que solicitara recibir as súas facturas e comunicacións en galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:16:22
Nº Rexistro: 42116
Data envio: 16/12/2025 17:16:22.122

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- queixa pola negativa de empresas aseguradoras de remitir a póliza ao cliente en galego.

- anuncio do Concello de Ferrol de que redactaría unicamente en castelán todos os contratos que fose licitar.

- queixa sobre a imposición do uso do castelán por parte dun facultativo no curso dunha consulta médica nun centro de saúde.

- queixa por discriminación da lingua galega na documentación, formularios e carteis da Delegación de Facenda en Vigo;

- incumprimento da obriga de uso das linguas cooficiais por unha compañía aérea contratada polo IMSERSO;

- unha reclamación ao Instituto Cervantes por non permitiren realizar a proba de lingua como parte dos trámites para obter a nacionalidade española

- queixa por mor da negativa da Dirección General de Tráfico (DGT) a tramitaren unha reclamación por estaren redactada en galego.

- dúas queixas sobre o uso da toponimia oficial por parte da Axencia Tributaria de Galiza (ATRIGA)

- queixa sobre o topónimo do Sisto, en Dozón.

Loxicamente, non podemos entender o informe da Valedora do Pobo como un relatorio exhaustivo da situación da lingua galega, nin da realidade das persoas que queren facer un uso normal da lingua galega ante as diferentes entidades, empresas e institucións, mais si que recolle queixas que teñen relevancia e das que o goberno galego debe facer acuse de recibo e actuar en relación con elas. Cada unha destas queixas foi recollida e analizada pola oficina da Valedora do Pobo, mais solicitamos que o goberno galego tamén as teña en conta e actúe en consecuencia.



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:16:22
Nº Rexistro: 42116
Data envio: 16/12/2025 17:16:22.122

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a que actúe en relación coas queixas relacionadas cos dereitos lingüísticos que recolle o informe para 2024 publicado pola Valedora do Pobo."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:16:22
Nº Rexistro: 42116
Data envio: 16/12/2025 17:16:22.122

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 16/12/2025 17:14:38**

**Mercedes Queixas Zas na data 16/12/2025 17:14:44**

**Óscar Insua Lema na data 16/12/2025 17:14:52**

**Daniel Castro García na data 16/12/2025 17:14:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/12/2025 17:15:05**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:16:22
Nº Rexistro: 42116
Data envío: 16/12/2025 17:16:22.122

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/12/2025 17:16:23

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:48:03
Nº Rexistro: 42168
Data envio: 16/12/2025 17:48:03.607

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 16/12/2 17:47
Por Rosana Pérez Fe

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e da deputada **Rosana Pérez Fernández,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, sobre os prexuízos para a pesca que causa a EDAR de Ferrol.

Asinado o día 16/12/2025 ás 17:47
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente toneladas de refugallos urbanos estragan artes de pesca na zona do Pieiro, diante do cabo Prioriño Chico, onde verte o emisario submarino da EDAR que da servizo aos Concellos de Ferrol e Narón.

Un dos armadores afectados ven de publicar en redes sociais as fotos que acompaña a unha denuncia presentada perante distintos organismos da Xunta de Galiza e máis perante o SEPRONA, e que dun xeito resumido recolle o seguinte:

“As fotos amosan un episodio de contaminación dunha gravidade extrema, miños completamente destruídos e cubertos por toneladas de refugallos que non poden ter outra orixe que a EDAR, panos, compresas, tampóns, preservativos, fibras sintéticas, restos de plásticos e mesmo cabelos humanos, un material que non pode proceder de ningunha actividade marítima e ademais do causar un prexuízo económico pola perda dos aparellos, significa tamén un ataque directo ao ecosistema mariño, contaminando o hábitat onde se crian os peixes e mariscos que despois chegan á mesa de todas as persoas consumidoras.

Asinado o día 16/12/2025 ás 17:47
Por Ramón Fernández Alfonzo

O volume, tipoloxía e compactación dos refugallos, visíbeis tanto nas fotografías do día 1 como nos días posteriores, son a proba irrefutábel dun fallo grave e continuado na depuración das aguas residuais vertidas ao mar diante da EDAR de Ferrol.”



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Estes fallos aos que alude o armador denunciante veñen producíndose efectivamente dun xeito reiterado e a causa máis probábel, a falta dunha inspección por parte dos organismos competentes, é que as choivas abundantes provocan un aumento do caudal na rede de saneamento da marxe dereita da ría de Ferrol que excede a capacidade de tratamento da EDAR, o que provoca a apertura do sistema e a vertedura incontrolada ao mar de todo o caudal sen o debido tratamento.

É dicir, a causa é o deseño da rede de saneamento, unha rede unitaria que non separa as augas pluviais, unha rede moito menos eficiente, en custos enerxéticos e económicos, e ademais en custos ambientais como evidencian as denuncias de armadores e confrarías. Un deseño do sistema froito dunha decisión, no seu día, do Partido Popular á que aínda se aferra e defende ano tras ano co seu voto en contra das emendas presentadas polo BNG aos sucesivos orzamentos da Xunta demandando a reforma da rede de saneamento para facela separativa.

E isto acontece ao mesmo tempo que as confrarías da ría de Ferrol manifestan a súa preocupación pola campaña de nadal, con un volume de capturas en record negativo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar unha auditoría do funcionamento do sistema de saneamento da marxe dereita da ría de Ferrol, poñendo especial atención nos aspectos ambientais, enerxéticos e económicos, a presentar o resultado ao Parlamento galego, aos concellos de Ferrol e Narón e ás confrarías da ría, e a constituír unha mesa de diálogo para iniciar as necesarias reformas do sistema."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:48:03
Nº Rexistro: 42168
Data envio: 16/12/2025 17:48:03.607

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 16/12/2025 17:47:25**

**José Manuel Golpe Acuña na data 16/12/2025 17:47:32**

**Rosana Pérez Fernández na data 16/12/2025 17:47:41**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:48:03
Nº Rexistro: 42168
Data envio: 16/12/2025 17:48:03.607

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/12/2025 17:48:04**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 16/12/2 17:54
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria da Comunidade Autónoma de Galicia encargada de defender, promover e estudar os valores culturais do pobo galego, actuar como órgano asesor e consultivo e impulsar investigacións e iniciativas culturais.

Asinado o día 16/12/2025 ás 17:54
Por Aitor Bouza Manso

É un órgano colexiado, autónomo e de carácter consultivo e asesor, que ten como misión analizar, promover e rexenerar a cultura galega en tódalas súas dimensións: lingua, patrimonio, artes, medios, pensamento, música etc.

Pode emitir informes, organizar actividades culturais e servir de ponte entre a sociedade civil e as institucións públicas en asuntos culturais.

O Consello da Cultura Galega foi creado o 8 de xullo de 1983 por Lei 8/1983 do Parlamento de Galicia, en cumprimento do mandato do Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 32), que estableceu a necesidade de dotar Galicia dun organismo dedicado á cultura dentro do marco autonómico.

Asinado o día 16/12/2025 ás 17:54
Por Silvia Longueira Castro

A entidade é un referente para todo o sistema cultural galego e nacional, pero semella que non o  é para os orzamentos da Xunta de Galicia que ano tras ano apenas lle da folgos a unha entidade que ten entre as súas liñas de traballo a

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

divulgación no eido internacional da cultura galega. E dicimos cultura e non espectáculo.

Investigación, análise, construción de arquivos, recolección epistolar... e mesmo ter en conta aquelas efemérides que anualmente se dedican a senlleiros creadores da cultura galega para construír o seu programa anual.

É o caso do ano 2026 que ven a ser declarado ano Otero Pedraio ((1888–1976), un dos membros destacados da Xeración Nós, xunto con Castelao, Vicente Risco ou Florentino López Cuevillas. A súa obra é fundamental para a construción do pensamento cultural e nacional galego.

Pois ben, engadido ao análise dos informes que periodicamente realiza a institución, únese agora a celebración da efeméride do intelectual galego. Isto supón, por parte do Consello, realizar unha serie de accións que teñen que ver coa celebración e outras que sendo de máis calado, van a promover a construción do epistolario Pedraio.

Por tal motivo, o Grupo Parlamentario Socialista formula a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que suplementen no orzamento correspondente ao Consello da Cultura Galega partidas orzamentarias que poidan dedicarse á realización de informes e análise, que veñen a facer con asiduidade e para os que non conta con orzamento necesario.

2. Destinar unha partida orzamentaria específica para afrontar a dixitalización completa do epistolario de Otero Pedraio, con motivo da celebración da efeméride no ano 2026; así como traballos de

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:56:51
Nº Rexistro: 42179
Data envio: 16/12/2025 17:56:51.487

investigación que outorguen coñecemento e divulgación á obra de Otero Pedraio.

Santiago de Compostela, a 16 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:56:51
Nº Rexistro: 42179
Data envio: 16/12/2025 17:56:51.487

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 16/12/2025 17:54:10

Aitor Bouza Manso na data 16/12/2025 17:54:22

José Ramón Gómez Besteiro na data 16/12/2025 17:54:30

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:56:51
Nº Rexistro: 42179
Data envio: 16/12/2025 17:56:51.487

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/12/2025 17:56:52

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 11:58:21
Nº Rexistro: 42203
Data envío: 17/12/2025 11:58:21.706

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o requirimento da Inspección de Traballo á residencia asistida de maiores, en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días, os medios de comunicación recolleron o requirimento da Inspección de Traballo á dirección da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros (RAMO) para introducir melloras urxentes nos protocolos, na organización do traballo e nas instalacións do centro, nomeadamente en materia de seguridade, coincidindo coas denuncias que leva tempo a facer o BNG, concretamente:

- falta de persoal suficiente para atender as persoas residentes,

- inclusión nesta residencia de perfís de residentes que non se corresponden coa formación e preparación do persoal,

- mala situación das instalacións, con perigo tanto para residentes como para o persoal (as obras de renovación que se están a executar non parecen ser suficientes),

- falta de atención personalizada e de actividades de dinamización coas persoas residentes.

- falta de seguridade derivada de todos estes outros elementos.

Asinado o día 17/12/2025 ás 11:57
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 17/12/2025 ás 11:57
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 11:58:21
Nº Rexistro: 42203
Data envío: 17/12/2025 11:58:21.706

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A Inspección de Traballo, segundo estas informacións, esixiu á Xunta de Galiza reunirse coa representación do persoal, revisar os protocolos de actuación, estudar melloras organizativas e acreditar que as medidas se implantaron, en xaneiro de 2026.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Atender os requirimentos da Inspección de Traballo en relación coa situación da residencia asistida de maiores de Oleiros.

- Dotar de persoal a residencia asistida de maiores de Oleiros, tanto para cumprir cos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras como para que poidan dar unha atención axeitada.

- Mellorar os protocolos de traballo, a organización e a seguridade das instalacións desta residencia."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 11:58:21
Nº Rexistro: 42203
Data envio: 17/12/2025 11:58:21.706

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 17/12/2025 11:57:44**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/12/2025 11:57:51**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 11:58:21
Nº Rexistro: 42203
Data envio: 17/12/2025 11:58:21.706

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/12/2025 11:58:25**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:34:44
Nº Rexistro: 42260
Data envio: 17/12/2025 12:34:44.634

Asinado o día 17/12/2 12:31 Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Carral é unha das vilas da contorna de A Coruña con 6.775 habitantes; tendo unha tendencia de crecemento poboacional positiva desde comezos do século XXI. Desde 2001 en adiante, recuperou de forma constante ese crecemento.

Unha poboación que no padrón de 2024 mostra unha poboación distribuída en distintos grupos de idade con notable presenza de menores e persoas de idade de traballar.

Estamos pois ante un clásico dunha vila en crecemento. Cunha impronta rural onde, aínda medrando a poboación, o goberno da Xunta de Galicia non ofrece unha planificación adecuada para dar solución ás diferentes necesidades da sociedade emerxente.

Fai uns meses falabamos nesta cámara da falta dun PT no CEIP Vicente Otero Valcárcel que tivo que ser resolto despois da insistencia e a denuncia da comunidade educativa e da ANPA do propio colexio.

Outra é a do transporte público que ignora e dificulta, cada vez máis, que persoas traballadoras e usuarias en xeral, poidan optar por esta modalidade a diario. Pero unha das eivas máis importantes é a do propio centro de saúde.

Asinado o día 17/12/2025 ás 12:31 Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 17/12/2025 ás 12:31 Por Silvia Longueira Castro
CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Atópase nun estado lamentable. A escusa é que o alcalde quere “negociar” para que se faga outro. Esa posibilidade é sen dúbida unha boa decisión pero o resultado é que esta “intención” do alcalde leva anos enriba da mesa sen que se tomen, de xeito provisional, ningunha medida.

Humidades, mantemento que nunca se efectuou en tódalas dependencias, quedouse pequeno ... xa que o Centro de Saúde de Carral foi construído no ano 1989. Desde entón está a funcionar como equipamento sanitario do municipio para atender a poboación local e, a pesar de ser de titularidade do concello en principio, a súa xestión e prestación de servizos corresponde ao Sergas.

Xa que levaba décadas asumindo o seu mantemento, o Concello de Carral lembra que é a Xunta a que debería facerse cargo do edificio e das futuras obras, solicitando planificación para a súa ampliación e conservación. Chegando a ofrecer á Xunta, tras unha moción de censura no 2025, un terreo para a construción dun novo centro de saúde máis amplo, convertendo o edifico actual nun centro de día. Pero mentres isto acontece, é máis que necesario un mantemento que dignifique e ofreza condicións salubres para a atención da poboación de Carral.

Ademais, o centro de saúde precisa da apertura de atención primaria en quenda de tarde, xa que as citas estanse demorando, nalgunhas ocasións, até 15 días. E mesmo os análises non dan cita até 30 días.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista formula a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:34:44
Nº Rexistro: 42260
Data envio: 17/12/2025 12:34:44.634

1. Realizar no Centro de Saúde de Carral os arranxos de mantemento necesarios para poder atender aos cidadáns de Carral en condicións dignas.

2. Realizar a construción dun novo centro de saúde, nos terreos ofrecidos pola Alcaldía; así como reformar o actual centro de saúde para convertelo nun centro de día?

3. Abrir en horario de tarde o Centro de Saúde de Carral de xeito que poida darse servizo á poboación crecente da vila. Así como a ampliación do servizo de análise e matrona.

Santiago de Compostela, a 17 de decembro do 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:34:44
Nº Rexistro: 42260
Data envio: 17/12/2025 12:34:44.634

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 17/12/2025 12:31:44**

**Elena Espinosa Mangana na data 17/12/2025 12:31:52**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 17/12/2025 12:31:59**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:34:44
Nº Rexistro: 42260
Data envio: 17/12/2025 12:34:44.634

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/12/2025 12:34:45**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:37:26
Nº Rexistro: 42267
Data envío: 17/12/2025 12:37:26.716

Asinado o día 17/12/2 12:36
Por Brais Ruanova Vi

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Cristina Fernández Davila** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as medidas que vai tomar a Xunta de Galiza para solucionar os problemas arquitectónicos do CEIP Plurilingüe da Carrasqueira en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Plurilingüe da Carrasqueira en Vigo conta cunha antigüidade próxima aos 50 anos de vida. Durante este tempo o centro foi renovando o seu proxecto educativo ao punto de transformarse nun centro referente en moitos aspectos pola súa capacidade de innovación pedagóxica. Porén, dende o punto de vista arquitectónico o centro padece unha falla de renovación por parte da Administración Pública que fai con que a degradación das instalacións sexa cada vez máis palpable.

Algúns exemplos disto son a cuberta na zona de acceso que ten unha enorme greta que filtra auga, inutilizando este espazo cando chove e degradando as luminarias. A fachada tamén presenta problemas de impermeabilización e as canalizacións de pluviais están danadas e verten por fóra encharcando as zonas de paso cando chove. O pavimento de acceso ao centro tamén require dunha intervención para mellorar e garantir a accesibilidade.

Con todo, o problema máis grave rexístrase na antiga casa do conserxe, unha edificación anexa cuxa cuberta- que contén amianto- vén sufrindo desprendementos dende hai un ano. Isto implica un risco para o alumnado, tanto pola especial ameaza que supón para a saúde da poboación infantil este material, como o perigo real de desprendementos xa que conta apenas cun precinto precario no seu perímetro. Ademais,

Por Ana Pontón Mondelo
Asinado o día 17/12/2025 ás 12:36
Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 17/12/2025 ás 12:36
Por Alexandra Fernández Gómez
CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

ante esta situación o centro non pode facer uso deste espazo, nin no interior pola choiva, nin tampouco no perímetro exterior onde se facían actividades de horta, como medida de precaución.

A dirección do centro leva dous anos denunciando esta situación ante a Xunta de Galiza, que é coñecedora da presenza de amianto na casa do conserxe e das diversas deficiencias que arrastra o centro. En xuño do ano 2024 fíxose unha inspección por parte da Consellería que derivou na redacción dun proxecto para a súa reforma, pero o certo é que non se ten avanzado nada na licitación das obras. Logo deste inverno a situación empeorou e púxose de novo en coñecemento da Consellería, sen que se adoptasen medidas por parte da mesma para solucionar o problema durante o período de verán non lectivo. Ante a falla de resposta por parte da Xunta de Galiza, dende o Bloque Nacionalista Galego trasladamos esta iniciativa instando ao goberno galego a que realice as reformas necesarias para corrixir todas estas deficiencias.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta A realizar as reformas necesarias no CEIP Plurilingüe Carrasqueira en Vigo para:

- Corrixir os graves problemas de humidades, filtracións e rotura de caleiros que presentan os edificios principais.

- Garantir a accesibilidade segura ao centro.

- Rehabilitar a antiga casa de conserxe para dotala de novos usos, incluíndo a eliminación de amianto da cuberta e a súa substitución.

- Verificar se existe amianto nas cubertas dos patios exteriores e o ximnasio."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:37:26
Nº Rexistro: 42267
Data envio: 17/12/2025 12:37:26.716

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 17/12/2025 12:36:34**

**Cristina Fernández Davila na data 17/12/2025 12:36:40**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/12/2025 12:36:46**

**Carmela González Iglesias na data 17/12/2025 12:36:54**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/12/2025 12:37:01**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:37:26
Nº Rexistro: 42267
Data envio: 17/12/2025 12:37:26.716

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/12/2025 12:37:27

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 13:05:38
Nº Rexistro: 42321
Data envío: 17/12/2025 13:05:38.959

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Cristina Fernández Davila,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, sobre a a construción dun pavillón deportivo no IES Ferrol Vello do Concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Ferrol Vello carece desde o inicio da súa actividade como centro de educación secundaria da infraestrutura necesaria para impartir as aulas de educación física xa que non ten pavillón deportivo.

Este feito implica ter que desprazar ao profesorado e aos alumnos e alumnas as instalacións de FIMO para poder desenvolver alí a materia de Educación Física, con todo o que isto supón de perda de horas nos desprazamentos, agrupar as horas semanais desta materia, ademais do gasto que supón ter que contratar de xeito regular un bus para estes desprazamentos.

Desde a Comunidade Educativa do centro vense reclamando a construción dun pavillón axeitado á lexislación vixente para poder impartir con normalidade unha materia obrigatoria.

Este asunto xa ten sido obxecto de atención por parte do Grupo parlamentar do BNG, e sempre, en todos os debates parlamentarios, o Partido Popular manifesta que a Xunta de Galiza construirá o pavillón en canto o Concello de Ferrol poña a parcela necesaria a súa disposición.



Asinado o día 17/12/2025 ás 13:04
Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 17/12/2025 ás 13:04
Por Ramón Fernández Alfonzo
Asinado o día 17/12/2025 ás 13:04
Por Alexandra Fernández Gómez
Por Rosana Pérez Fernández
CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo que puidemos saber o Concello de Ferrol adquiriu xa dúas parcelas anexas ao centro educativo con esta finalidade polo que correspóndelle agora á Xunta de Galiza cumprir os seus compromisos e construír o pavillón.

Sorprendentemente este compromiso non figura nos orzamentos da Xunta para o exercicio 2026 recentemente aprobados no Parlamento galego.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar as modificacións de crédito necesarias para iniciar de inmediato as obras para dotar ao IES Ferrol Vello do necesario pavillón para a práctica deportiva."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 13:05:38
Nº Rexistro: 42321
Data envio: 17/12/2025 13:05:38.959

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 17/12/2025 13:04:42**
**Ramón Fernández Alfonzo na data 17/12/2025 13:04:50**
**Cristina Fernández Davila na data 17/12/2025 13:04:57**
**José Manuel Golpe Acuña na data 17/12/2025 13:05:07**
**Rosana Pérez Fernández na data 17/12/2025 13:05:14**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 13:05:38
Nº Rexistro: 42321
Data envio: 17/12/2025 13:05:38.959

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/12/2025 13:05:40

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 13:50:07
Nº Rexistro: 42357
Data envío: 17/12/2025 13:50:07.087

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a situación da industria galega e a necesidade dun novo modelo industrial soberano, verde e social para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A industria é un dos piares fundamentais do desenvolvemento económico, social e soberano de Galiza. Durante anos, a política industrial impulsada pola Xunta de Galiza, baixo o goberno continuado do Partido Popular, caracterizouse por un modelo de subordinación ás grandes corporacións multinacionais, a falta de aposta estratéxica por sectores industriais de valor engadido, a precarización do emprego industrial e a ausencia dun verdadeiro plan de soberanía tecnolóxica e enerxética.

Os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística (INE) sobre o Índice de Produción Industrial (IPI) en Galiza son especialmente preocupantes. Segundo os últimos datos dispoñibles (outubro de 2025 e tendencias interanuais), Galiza é o territorio do estado que rexistra a maior caída interanual persistente da súa produción industrial, mentres que o conxunto do Estado crece un 1,6%.

Concretamente, o IPI galego caeu un -6,4% no acumulado do último ano, cun retroceso pronunciado nos sectores clave como a automoción (-32,2%), a enerxía (-23,8%) e a maquinaria e equipamento (-12,9%). Estes datos non son anecdóticos, senón a consecuencia directa dunha política industrial inexistente ou subordinada á



Asinado o día 17/12/2 13:48 Por Ana Pontón Monc
Asinado o día 17/12/2025 ás 13:48 Por Brais Ruanova Vilas-Boas
Asinado o día 17/12/2025 ás 13:47 Por Ramón Fernández Alfonzo
CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lóxica do "facer máis co mesmo", ignorando os retos da transición ecolóxica, a descentralización produtiva e a necesidade de reconstruír un ecosistema industrial galego competitivo e soberano.

O modelo do PP baseouse en intentar atraer investimentos externos sen condicionantes, sen aposta real pola I+D+i galega e sen garantías de estabilidade laboral. E como resultado temos fugas de talento, envellecemento da base industrial, dependencia enerxética e tecnolóxica externa, e unha industria galega que se afasta da capacidade de decidir o seu propio futuro.

É preciso un modelo alternativo, baseado na soberanía industrial, no desenvolvemento de liñas estratéxicas galegas (enerxía, naval, automoción, agroalimentación, biotecnoloxía, economía circular), na conversión ecolóxica e xusta das infraestruturas produtivas e na planificación pública e democrática da política industrial, co territorio e a clase traballadora como protagonistas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

1. Elaborar e aprobar un Plan de Fomento da Actividade Tecnolóxica e Industrial en colaboración co Consello Económico e Social (CES) a que inclúa metas concretas de crecemento do PIB industrial até o 20 %, con indicadores por sectores, con participación dos axentes sociais e territoriais, e que vincule o investimento público á creación de emprego de calidade, á transición ecolóxica e á innovación tecnolóxica galega.



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 13:50:07
Nº Rexistro: 42357
Data envio: 17/12/2025 13:50:07.087

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Crear unha Corporación Industrial Pública Galega, dotada de recursos propios, para coordinar as políticas industriais, enerxéticas e de formación profesional, evitando a dispersión actual e a duplicidade de competencias.

3. Crear a Empresa Pública de Enerxía, promovendo un modelo de enerxía 100% galega, renovable e pública que reduza os custos para a industria e fortaleza a autonomía produtiva con tódalas garantías ambientais e territoriais atendendo ás características propias do país.

4. Presentar ante o Parlamento un informe detallado sobre a evolución do IPI e do PIB industrial en Galiza, comparado co resto do Estado e a Unión Europea, así como sobre as medidas concretas adoptadas pola Xunta para reverter a tendencia negativa, con indicación de prazos, recursos e responsabilidades."

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 13:50:07
Nº Rexistro: 42357
Data envio: 17/12/2025 13:50:07.087

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 17/12/2025 13:47:53**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/12/2025 13:48:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/12/2025 13:48:12**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 13:50:07
Nº Rexistro: 42357
Data envio: 17/12/2025 13:50:07.087

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/12/2025 13:50:08**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/12/2025 13:07:51
Nº Rexistro: 42457
Data envio: 18/12/2025 13:07:51.554

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/12/2 13:06
Por Daniel Castro Ga

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre o uso do galego por parte do buscador de Google e como afecta á presentación das páxinas web en galego.

Asinado o día 18/12/2025 ás 13:06
Por Mercedes Queixas Zas

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao facer unha busca en Google, moitas páxinas ábrense por defecto en castelán. Isto acontece a pesar de que se chegue a esa páxina nunha busca no navegador feita en galego, nun navegador configurado en galego. Isto ten que ver coa configuración deste buscador, o máis utilizado con moita diferenza, que non ten en conta a nosa lingua. Por defecto, Google mostra os resultados en castelán, ignorando as buscas en galego.

A pesar de que é posíbel configurar a interface do navegador Google en galego, e isto mellora lixeiramente a busca, os resultados seguen a mostrarse en castelán. Polo tanto, aínda que a busca se faga en galego, os resultados mostraranse en castelán, cousa que non acontece con outras linguas, para as que Google si permite facer esta delimitación.

O buscador Google rexistra unha importante cantidade de buscas cada día (miles de millóns), e representa a vía de chegada a Internet para gran parte dos usuarios e usuarias. A desaparición do galego no que respecta ao posicionamento neste buscador desincentiva, sen ningunha dúbida, o uso da nosa lingua nas páxinas web, especialmente nos contidos que teñen que ver co ámbito económico.

Asinado o día 18/12/2025 ás 13:06
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto ten consecuencias tamén para a presenza do galego na publicidade, e tamén, loxicamente, para as páxinas web do goberno galego.

Asinado o día 19/12/2025 ás 12:14 Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 19/12/2025 ás 12:14 Por Carmen Rodríguez Dacosta

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

A Comisión de Centro de Atención Primaria do Distrito Sanitario de Ourense vén de denunciar publicamente a grave situación de falta de cobertura de persoal de Enfermaría no centro de saúde de Leiro, unha carencia que se prolonga desde hai meses e que está a ter un impacto directo tanto na calidade asistencial como nas condicións laborais do persoal sanitario.

Segundo a información trasladada pola propia Comisión de Centro, a pasividade da xerencia, xunto coa falta de compromiso do Concello de Leiro —titular do inmoble— provocou a perda efectiva da dotación dun profesional de Enfermaría nun centro con elevada carga asistencial. A existencia dunha praza de nova creación sen cobertura real, debido á inexistencia de espazos adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade asistencial, constitúe unha mostra clara de improvisación, falta de planificación e deficiente coordinación institucional.

Esta situación resulta especialmente preocupante se temos en conta que o centro de saúde de Leiro atende a 1.387 persoas, cunha porcentaxe moi significativa de poboación maior de 65 anos, o que implica unha maior prevalencia de doenzas crónicas, pluripatoloxía e necesidades asistenciais complexas. Manter unha soa profesional de Enfermaría nestas condicións supón unha sobrecarga laboral insostible e compromete seriamente a seguridade e a calidade da atención sanitaria prestada.

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A propia Comisión de Centro leva anos solicitando a cobertura desta necesidade estrutural, sen obter respostas eficaces nin solucións reais. A falta de espazos para a segunda consulta de Enfermaría, responsabilidade directa do Concello como titular do centro, non pode servir de escusa para perpetuar unha situación que vulnera os dereitos da veciñanza a unha atención sanitaria digna e de calidade.

Resulta inaceptable que, a finais do ano 2025, a realidade siga a ser a perda de recursos humanos no canto do seu reforzo, especialmente nun contexto de envellecemento poboacional e incremento das necesidades asistenciais na Atención Primaria.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder de maneira inmediata á cobertura efectiva da praza de Enfermaría no centro de saúde de Leiro, garantindo a presenza de dúas profesionais de Enfermaría de forma estable.
2. Adoptar as medidas necesarias para asegurar unhas instalacións adecuadas que permitan o correcto desenvolvemento da actividade asistencial no centro de saúde de Leiro, en coordinación co Concello de Leiro como titular do inmoble.
3. Proceder, no prazo máximo de un mes, á cobertura efectiva da praza de Enfermaría no centro de saúde de Leiro, garantindo a presenza de dúas profesionais de Enfermaría de forma estable.
4. Informar ao Parlamento de Galicia, no prazo máximo de dous meses, das actuacións realizadas para garantir a cobertura de persoal de Enfermaría e a adecuación das instalacións no centro de saúde de Leiro.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo

Parlamentario

Socialista

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 12:20:55
Nº Rexistro: 42581
Data envío: 19/12/2025 12:20:55.085

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 12:20:55
Nº Rexistro: 42581
Data envio: 19/12/2025 12:20:55.085

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/12/2025 12:14:10

Elena Espinosa Mangana na data 19/12/2025 12:14:17

Silvia Longueira Castro na data 19/12/2025 12:14:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/12/2025 12:17:43

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/12/2025 12:20:55
Nº Rexistro: 42581
Data envio: 19/12/2025 12:20:55.085

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/12/2025 12:20:55**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2025 10:05:50
Nº Rexistro: 42685
Data envio: 22/12/2025 10:05:50.356

Asinado o día 22/12/2
10:04
Por Rosana Pérez Fe

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Iria Carreira Pazos, Oscar Insua Lema, Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación do persoal de limpeza dos hospitais comarcais da Costa da Morte, a Barbanza e o Salnés.

Asinado o día 22/12/2025 ás
10:03
Por Óscar Insua Lema

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os hospitais comarcais da Costa da Morte, a Barbanza e o Salnés son os únicos centros sanitarios dependentes do SERGAS que seguen tendo ao persoal de limpeza cunhas condicións laborais diferentes ao resto. Unha boa parte do persoal non sanitario arrastra as condicións laborais da época na que os hospitais eran fundacións e non pertencían ao Servizo Galego de Saúde, rexéndose polos convenios laborais provinciais desde aquel entón.

Esta situación provoca que o persoal de limpeza dos tres centros se atope nunha situación de discriminación laboral, pois realizando as mesmas tarefas que o resto de persoal dos distintos centros hospitalarios galegos, teñen menos dereitos. Por un lado este colectivo reclama a equiparación salarial, dado que os salarios contemplados no convenio da Coruña están moi por debaixo dos percibidos nos demais centros sanitarios do SERGAS. O convenio de Pontevedra, aínda que lixeiramente mellor ao coruñés, tamén contempla unhas condicións inferiores ás do persoal do SERGAS. O mesmo ocorre coa xornada laboral máxima, chegando a existir unhas 200 horas mensuais de diferenza.

Asinado o día 22/12/2025 ás
10:03
Por Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación afecta a arredor de 100 persoas, 50 en Vilagarcía, 22 en Ribeira e 24 en Cee, que levan dende o mes de maio de 2025 demandando estas melloras e solicitando a apertura da mesa de negociación coa administración e as empresas adxudicatarias. As licitacións destes servizos atópanse en distintas situacións administrativas: a do Barbanza está pendente de publicarse, namentres que o de Cee deberá saír o vindeiro ano e a do Salnés ten contrato vixente ata o ano 2027.

Ante este panorama, o persoal ten advertido dunha folga indefinida a partir do 7 de xaneiro no caso de que continúen sen ter ningunha resposta por parte da Administración, xa que aínda non se ten producido ese diálogo a pesar dos meses nos que este conflito leva vixente.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Recibir de inmediato á representación sindical deste persoal de limpeza dos hospitais comarcais na xerencia do SERGAS.

2º.- Abrir unha mesa de negociación entre a Administración e as empresas adxudicatarias para acadar esa equiparación salarial e laboral do persoal de limpeza hospitais comarcais da Costa da Morte, a Barbanza e o Salnés co persoal dos demais centros sanitarios do SERGAS.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2025 10:05:50
Nº Rexistro: 42685
Data envio: 22/12/2025 10:05:50.356

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 22/12/2025 10:03:51**

**Óscar Insua Lema na data 22/12/2025 10:03:59**

**Rosana Pérez Fernández na data 22/12/2025 10:04:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/12/2025 10:04:13**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/12/2025 10:05:51

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2025 10:24:53
Nº Rexistro: 42688
Data envio: 22/12/2025 10:24:53.425

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 22/12/2025 ás 10:24
Por Ana Pontón Mondelo

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de reverter a redución de docentes no CEIP Vales Villamarín de Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A oferta educativa pública no concello de Betanzos a respecto do ensino infantil, primario, secundario e postobrigatorio articúlase ao redor do CEIP Francisco Vales Villamarín, IES Francisco Aguiar e do IES As Mariñas.

No que fai referencia á oferta de educación infantil e primaria, o CEIP Vales Villamarín atende arredor de 900 alumnos e alumnas, o que o converte nun dos maiores centros educativos de Galiza.

Coa construción do edificio que se atopa a carón do centro de saúde, prometeuse desde a Xunta de Galiza a creación dun novo CEIP, mais esta promesa nunca se materializou e este edificio pasou a ser unha dependencia máis do CEIP Vales Villamarín. Unha necesidade educativa desatendida, reivindicada socialmente e da que, desde o BNG, deixamos constancia reiterada a través dunha emenda nos orzamentos da Xunta de Galiza para que se cree o prometido segundo CEIP en Betanzos.

As necesidades infraestruturais do CEIP Vales Villamarín continúan pendentes de se resolveren, malia algunhas solucións puntuais que se foron producindo. Con todo, outras deficiencia, lonxe de comezaren a ser solucionadas, van camiño de se agravaren este curso de forma destacada.

Asinado o día 22/12/2025 ás 10:24
Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 22/12/2025 ás 10:24
Por Mercedes Queixas Zas
CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

No CEIP Vales Villamarín o aumento do alumnado con necesidades de apoio educativo fai que o profesorado titor e o profesorado de pedagoxía terapéutica se vexa desbordado, quedando alumnado con dislalias ou discalculias sen atender. Así mesmo, o alumnado con discapacidades viu reducidas as horas de atención con que contaban nos cursos pasados.

Esta situación mesmo levou a comunidade educativa a se manifestar o pasado 29 de novembro para esixirlle á consellaría que cubra as dúas prazas de Pedagoxía Terapéutica, a praza de Audición e Linguaxe e as prazas de reforzo de Primaria que son necesarias para atender dignamente o alumnado máis feble da comunidade educativa: o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta a reverter a redución do cadro de persoal do CEIP Francisco Vales Villamarín e dotar o centro das dúas prazas de PT, da praza de AL e das prazas de Primaria que foron solicitadas desde o centro."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2025 10:24:53
Nº Rexistro: 42688
Data envio: 22/12/2025 10:24:53.425

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/12/2025 10:24:16**

**Cristina Fernández Davila na data 22/12/2025 10:24:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/12/2025 10:24:29**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/12/2025 10:24:53
Nº Rexistro: 42688
Data envio: 22/12/2025 10:24:53.425

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 22/12/2025 10:24:54**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 10:34:41
Nº Rexistro: 42697
Data envio: 23/12/2025 10:34:41.736

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 23/12/2 10:33
Por Ana Pontón Monc

Asinado o día 23/12/2025 ás 10:33
Por José Manuel Golpe Acuña

Asinado o día 23/12/2025 ás 10:33
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre o apoio do goberno galego aos sectores de alta demanda tecnolóxica e pequena industria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O último informe de coxuntura socioeconómica realizado polo Consello Económico e Social de Galiza, correspondente ao ano 2024, mostra unha situación de estancamento da industria galega.

Segundo dito informe, en 2024 o sector industrial galego creceu un 2,5%, unha taxa lixeiramente inferior á de 2023 (+2,7%), mais este crecemento non se traduce nun salto cualitativo da estrutura produtiva, senón que segue ancorado en sectores de baixa intensidade tecnolóxica e cunha baixa integración de cadeas de valor internas.

En 2024, o sector industrial representou só o 16% do PIB galego. Esta cifra está moi por baixo da media europea (20-25%) e incluso da media estatal, onde a industria supón o 17,5% do VEB (Valor Engadido Bruto) segundo datos do IGE.

Este déficit de peso relativo non é novo: desde 2009, a industria galega mantívose nunha posición estancada ou en regresión relativa. A pesar dos anuncios espectaculares do goberno do PP sobre "megaproxectos" ou "industria 4.0", non se logrou reindustrializar o país nin diversificar o seu aparello produtivo. No canto diso, consolidouse un modelo baseado en filiais de multinacionais que non teñen centros de decisión en Galiza e cuxas cadeas de valor non se articulan co noso tecido produtivo.



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 10:34:41
Nº Rexistro: 42697
Data envío: 23/12/2025 10:34:41.736

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

No que ten haber coa creación de empresas o baremo deixa un resultado negativo en termos xerais e notabelmente no que ten haber co eido industrial como mostra a seguinte táboa:

| | Empresas activas | Empresas creadas | Empreas disoltas |
|---|---|---|---|
| | | | *(número de empresas)* |
| **Total tecido empresarial** | **198.818** | **14.156** | **15.212** |
| Industria | 11.594 | 541 | 714 |
| Construción | 26.972 | 1.740 | 1.893 |
| Comercio e reparación de vehículos de motor | 43.896 | 2.485 | 3.549 |
| Transporte e almacenamento | 12.369 | 625 | 910 |
| Hostalería | 19.147 | 1.747 | 1.903 |
| Información e comunicacións | 2.988 | 326 | 243 |
| Actividades financeiras e de seguros, agás sociedades de investimento | 13.944 | 1.101 | 895 |
| Actividades profesionais, cientñificas e técnicas; servizos auxliares | 32.983 | 2.504 | 2.506 |
| Educación, actividades sanitarias e de servizos sociais | 16.629 | 1.439 | 1.186 |
| Actividades artísticas, ocio e entretemento; outros servizos | 18.296 | 1.648 | 1.413 |

**(1) Industria, construción e servizos de mercado**

Fonte: Eurostat

A industria galega segue excesivamente dependente de dous sectores:

- **Automoción:** representa 21,5% das vendas da industria manufactureira, cunha facturación de máis de 9.000 millóns de euros en 2024. Aínda que as exportacións de compoñentes acadaron un récord (2.170 millóns), o sector amosa vulnerabilidade estratéxica: depende de decisións externas, ten unha baixa integración local e está exposto á transición enerxética e á competencia de países de baixo custo.

- **Alimentación:** responde do 23,3% das vendas, cun VEB de 1.940 millóns de euros en 2022. Aínda que é un sector estratéxico pola riqueza do noso mar e noso



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

campo, falta valor engadido: moitos produtos seguen exportándose en bruto, sen transformación profunda ou marcas propias.

Esta concentración impide o desenvolvemento de sectores de alto valor: a industria química, a biotecnoloxía, as TIC ou a enerxía limpa teñen unha presenza marxinal. Por exemplo, a industria química caeu un 15,5% en vendas en 2024, e a fabricación de produtos farmacéuticos segue sendo residual.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a acatar os seguintes acordos:

1. Impulsar un modelo enerxético 100% público e galego, baseado nas enerxías renovables, co control da propiedade e a xestión pública.

2. Crear un Instituto Galego da Enerxía que coordine a transición enerxética e xere a riqueza dos nosos recursos naturais para o pobo galego, non para fondos de inversión internacionais.

3. Promover polos industriais estratéxicos en biotecnoloxía, tecnoloxías da información, economía circular.

4. Garantir a contrapartida real das axudas públicas para a mellora en termos de tecnoloxización do tecido produtivo e a xeración de emprego de calidade.

5. Establecer unha rede de centros de I+D+i públicos ligados ás universidades e centros de formación profesional, con financiamento directo da Xunta para aqueles sectores estratéxicos que aínda non conten con eles.



CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

6. Fomentar os microcréditos sen intereses e axudas directas á industria familiar, artesanal e local (empresas de máximo 10 traballadoras/os) co obxectivo de que poidan avanzar, como mínimo, en dixitalización, remuda tecnolóxica, ergonomía e formación, valorando máis aquelas que se fornezan de materias do sector primario galego.

7. Crear un Observatorio de Cadeas de Subministro Galegas que favoreza a compra pública local e a interconexión entre empresas galegas.

8. Poñer en marcha un Plan de fomento da actividade tecnolóxica e industrial co obxectivo de incentivar a transformación dos produtos do sector primario."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 10:34:41
Nº Rexistro: 42697
Data envio: 23/12/2025 10:34:41.736

**Asinado dixitalmente por:**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/12/2025 10:33:01**

**José Manuel Golpe Acuña na data 23/12/2025 10:33:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2025 10:33:18**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 10:34:41
Nº Rexistro: 42697
Data envio: 23/12/2025 10:34:41.736

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/12/2025 10:34:42**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:26:00
Nº Rexistro: 42700
Data envio: 23/12/2025 11:26:00.465



Asinado o día 23/12/2 11:24
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas**, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

Como coñecemos a diabetes tipo 1 ocorre cando o corpo non pode producir suficiente cantidade da hormona insulina. E necesítase insulina para sobrevivir polo que a súa falta debe substituírse con inxeccións ou cunha bomba de insulina.

Nos nenos a diabetes tipo 1, adoitaba chamarse “diabetes xuvenil” ou “diabetes insulinodependiente” e hoxe a diabetes tipo 1 está considerada como unha das enfermidades crónicas máis comúns que afectan a nenos e adolescentes. Non é intención entrar nos síntomas, as causas, factores de risco, complicacións, a prevención etc. porque non queremos abordar esta iniciativa desde o ámbito médico da enfermidade, aínda que loxicamente non se pode obviar.

A diabetes é unha enfermidade que acompaña a quen a padece toda a vida e implica un tratamento esixente e intenso. Esta circunstancia, unida a outras, fai que, pola súa influencia na vida social e familiar, sexa considerada como exemplo de enfermidade socio-sanitaria.

Por este motivo as prestacións sociais e sanitarias para o coidado de fillo ou filla con diabetes, está regulado, pero con todo atopámonos con grandes trabas para a súa aplicación e mesmo incumprimentos no caso de persoal público.

Ademais, as reducións de xornadas, recollidas na lexislación vixente, sofren demoras, trabas burocráticas e, nalgúns casos, un claro incumprimento, o que deixa ás familias sen o apoio ao que legalmente teñen dereito, no caso dos

Asinado o día 23/12/2025 ás 11:24
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 23/12/2025 ás 11:24
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

traballadores por conta allea pero isto tamén ocorre no caso de persoal público dependente da administración autonómica.

Todo isto complícase pola persistente desinformación social: estereotipos, erros e visións simplistas que dificultan a integración e xeran estigma e discriminación.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se comprometa a emitir e axilizar os informes médicos, necesarios para a tramitación da redución de xornada laboral á que teñen dereito os país ou nais, cando se trate de menores con diabetes tipo 1 ou calquera outro tipo de enfermidade grave recollida no Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:26:00
Nº Rexistro: 42700
Data envio: 23/12/2025 11:26:00.465

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/12/2025 11:24:45

Silvia Longueira Castro na data 23/12/2025 11:24:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 23/12/2025 11:24:59

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:26:00
Nº Rexistro: 42700
Data envio: 23/12/2025 11:26:00.465

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/12/2025 11:26:01**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:44:51
Nº Rexistro: 42703
Data envio: 23/12/2025 11:44:51.991



Asinado o día 23/12/2 11:43 Por José Ramón Gón
Asinado o día 23/12/2025 ás 11:43 Por Silvia Longueira Castro
Asinado o día 23/12/2025 ás 11:43 Por Elena Espinosa Mangana

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Como coñecemos a diabetes tipo 1 ocorre cando o corpo non pode producir suficiente cantidade da hormona insulina. E necesítase insulina para sobrevivir polo que a súa falta debe substituírse con inxeccións ou cunha bomba de insulina.

Nos nenos a diabetes tipo 1, adoitaba chamarse “diabetes xuvenil” ou “diabetes insulinodependente” e hoxe a diabetes tipo 1 está considerada como unha das enfermidades crónicas máis comúns que afectan a nenos e adolescentes. Non é intención entrar nos síntomas, as causas, factores de risco, complicacións, a prevención etc. porque non queremos abordar esta iniciativa desde o ámbito médico da enfermidade, aínda que loxicamente non pode obviarse.

A diabetes é unha enfermidade que acompaña a quen a padece toda a vida e implica un tratamento esixente e intenso. Esta circunstancia, unida a outras, fai que, pola súa influencia na vida social e familiar, sexa considerada como exemplo de enfermidade socio-sanitaria.

Por este motivo as prestacións sociais e sanitarias para o coidado de fillo ou filla con diabetes, está regulado, pero con todo atopámonos con grandes trabas para a súa aplicación e mesmo incumprimentos no caso de persoal público.

Ademais, as reducións de xornadas, recollidas na lexislación vixente, sofren demoras, trabas burocráticas e, nalgúns casos, un claro incumprimento, o que deixa ás familias sen o apoio ao que legalmente teñen dereito, no caso dos

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

traballadores por conta allea pero  isto tamén ocorre no caso de persoal público dependente da Administración autonómica.

Todo isto complícase pola persistente desinformación social: estereotipos, erros e visións simplistas que dificultan a integración e xeran estigma e discriminación.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se comprometa ao cumprimento da lexislación vixente, no que afecta o coidado de fillos e fillas con diabetes en concreto á redución da xornada laboral na Administración pública galega.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:44:51
Nº Rexistro: 42703
Data envio: 23/12/2025 11:44:51.991

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 23/12/2025 11:43:16**

**Silvia Longueira Castro na data 23/12/2025 11:43:23**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 23/12/2025 11:43:31**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:44:51
Nº Rexistro: 42703
Data envio: 23/12/2025 11:44:51.991

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/12/2025 11:44:53**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:45:14
Nº Rexistro: 42704
Data envio: 23/12/2025 11:45:14.401

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 23/12/2
11:42
Por Patricia Iglesias F

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

Como coñecemos a diabetes tipo 1 ocorre cando o corpo non pode producir suficiente cantidade da hormona insulina. E necesítase insulina para sobrevivir polo que a súa falta debe substituírse con inxeccións ou cunha bomba de insulina.

Asinado o día 23/12/2025 ás
11:42
Por Paloma Castro Rey

Nos nenos a diabetes tipo 1, adoitaba chamarse “diabetes xuvenil” ou “diabetes insulinodependente” e hoxe a diabetes tipo 1 está considerada como unha das enfermidades crónicas máis comúns que afectan a nenos e adolescentes. Non é intención entrar nos síntomas, as causas, factores de risco, complicacións, a prevención etc. porque non queremos abordar  esta iniciativa desde  o ámbito médico da enfermidade, aínda que loxicamente non pode obviarse.

A diabetes é unha enfermidade que acompaña a quen a padece toda  a vida e implica un tratamento esixente e intenso. Esta circunstancia, unida a outras, fai que, pola súa influencia na vida social e familiar, sexa considerada como exemplo de enfermidade socio-sanitaria.

Asinado o día 23/12/2025 ás
11:42
Por Elena Espinosa Mangana

Por este motivo as prestacións sociais e sanitarias para o coidado de fillo ou filla con diabetes, está regulado, pero con todo atopámonos con grandes trabas para a súa aplicación e mesmo incumprimentos no caso de persoal público.

Ademais, as reducións de xornadas, recollidas na lexislación vixente, sofren demoras, trabas burocráticas e, nalgúns casos, un claro incumprimento, o que

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

deixa ás familias sen o apoio ao que legalmente teñen dereito, no caso dos traballadores por conta allea pero isto tamén ocorre no caso de persoal público dependente da Administración autonómica.

Todo isto complícase pola persistente desinformación social: estereotipos, erros e visións simplistas que dificultan a integración e xeran estigma e discriminación.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se comprometa ao cumprimento da lexislación vixente, no que afecta o coidado de fillos e fillas con diabetes en concreto á redución da xornada laboral na Administración pública galega.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:45:14
Nº Rexistro: 42704
Data envio: 23/12/2025 11:45:14.401

**Asinado dixitalmente por:**

**Elena Espinosa Mangana na data 23/12/2025 11:42:35**

**Paloma Castro Rey na data 23/12/2025 11:42:45**

**Patricia Iglesias Rey na data 23/12/2025 11:42:57**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 23/12/2025 11:43:05**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2025 11:45:14
Nº Rexistro: 42704
Data envio: 23/12/2025 11:45:14.401

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/12/2025 11:45:15**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:25:17
Nº Rexistro: 42243
Data envio: 17/12/2025 12:25:17.505

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, achégolle oito xogos de exemplares referidos ao terceiro trimestre de 2025 constando cada un deles dos seguintes tomos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.

2. Anexo de modificacións orzamentarias e situación dos créditos.

3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.

4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.

5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (excepto SERGAS).

7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.

8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: VAZQUEZ DOMINGUEZ, SANDRA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 15/12/2025 14:53:44

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pwwoL2A825C9 https://sede.xunta.gal/cve

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/12/2025 12:25:17
Nº Rexistro: 42243
Data envio: 17/12/2025 12:25:17.505

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/12/2025 12:25:07**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 41609
Data envío: 12/12/2025 14:56:59.968

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista,** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos días fixéronse públicas declaracións do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da posible retirada de 13 axentes da Unidade da Policía Adscrita (UPA) destinados á protección de vítimas de violencia machista incluídas no sistema VioGén. Estas manifestacións, lonxe de ser aclaradas ou rectificadas, foron reiteradas polo propio conselleiro, e polo presidente da Xunta, xerando unha grave preocupación institucional e social.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que introducir incertezas sobre a continuidade da protección policial ás mulleres en risco supón traspasar unha fronteira institucional e ética que ningún goberno debería cruzar.

No que vai de ano, 42 mulleres foron asasinadas en España, dúas delas en Galicia, e máis de 6.000 galegas permanecen baixo seguimento policial. Neste contexto, calquera ameaza de diminución dos efectivos destinados a garantir a súa seguridade resulta profundamente irresponsable e politicamente inaceptable.

Ademais, os datos coñecidos amosan un evidente desequilibrio na distribución actual de recursos: máis de vinte axentes da Policía Adscrita están dedicados ás tarefas de escolta e acompañamento do presidente da Xunta en actos públicos, fronte aos só 13 destinados a protección de vítimas de violencia machista.

Asinado o día 11/12/2025 ás 17:19
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 11/12/2025 ás 17:19
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 41609
Data envio: 12/12/2025 14:56:59.968

Esta proporción revela claramente cales son as prioridades do Goberno galego e evidencia a necesidade urxente de reorientar os recursos cara a quen máis precisa protección.

Cómpre lembrar que o Estado ofreceu a posibilidade de ampliar os efectivos da Policía Adscrita a través da sinatura dun convenio de colaboración, plenamente axustado á legalidade, que permitiría reforzar a capacidade operativa da UPA.

A negativa ou demora da Xunta en subscribir o dito acordo carece de xustificación, e só responde a motivos económicos xa que non quere cofinanciar este corpo, ademais prexudica de forma directa a seguridade da cidadanía e das vítimas de violencia de xénero.

Por todo isto, e ante a gravidade da situación, o PSdeG considera imprescindible que o conselleiro Diego Calvo compareza con carácter inmediato no Pleno do Parlamento para dar explicacións claras e sen evasivas, así como adoptar medidas efectivas que garantan unha protección real das mulleres en risco.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1.Cal é a razón pola que o Goberno galego introduce a posibilidade de reducir os 13 efectivos da Unidade da Policía Adscrita destinados á protección das vítimas de violencia machista, a pesares de que máis de 6.000 mulleres galegas están actualmente baixo seguimento policial e nun contexto de incremento da violencia machista?

2. Como xustifica o Goberno galego que máis de vinte axentes da Policía Adscrita estean dedicados ás tarefas de escolta do presidente da Xunta, fronte ao número significativamente inferior de efectivos destinados á protección de

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 41609
Data envio: 12/12/2025 14:56:59.968

mulleres en risco, e que medidas pensa adoptar para corrixir este desequilibrio?

**3. Por que motivo o Goberno galego aínda non subscribiu o convenio co Goberno do Estado que permitiría incrementar, dentro da legalidade, o número de prazas da Policía Adscrita, e en que prazo prevé formalizar este acordo imprescindible para reforzar a protección das vítimas de violencia machista?**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 41609
Data envio: 12/12/2025 14:56:59.968

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 11/12/2025 17:19:08**

**Patricia Iglesias Rey na data 11/12/2025 17:19:17**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 41609
Data envio: 12/12/2025 14:56:59.968

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/12/2025 14:57:04**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2025 10:53:12
Nº Rexistro: 41660
Data envío: 15/12/2025 10:53:12.208

Asinado o día 15/12/2 10:50
Por Lara Méndez Lóp

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

A planta de ENCE en Lourizán (Pontevedra), unha infraestrutura industrial que forma parte do tecido produtivo e social de Galicia, atópase en pleno conflito laboral tralo anuncio por parte da empresa de presentar un expediente de regulación de emprego (ERE) que afectaría a 39 postos de traballo en Pontevedra e a máis dun cento noutras plantas.

Asinado o día 15/12/2025 ás 10:50
Por Patricia Iglesias Rey

Este anuncio produciuse logo das mobilizacións, paros e iniciativas de protesta dos traballadores e traballadoras, entre as que se inclúen folgas con participación do 100 % do persoal e concentracións diante da sede da Xunta de Galicia en San Caetano reclamando unha reunión con responsables autonómicos para evitar os despedimentos e defender o futuro da industria no territorio; sendo absolutamente ignorados tanto por parte do presidente da Xunta coma da Consellería de Industria. Debido a isto, recentemente, delegados e delegadas sindicais manifestaron o seu malestar ante a Conselleira de Industria e o director territorial de ENCE durante un acto en Santiago, o que evidencia o profundo descontento dos traballadores e traballadoras e o sentimento de traizón por parte da Xunta e da empresa.

Asinado o día 15/12/2025 ás 10:50
Por Paloma Castro Rey

Os representantes dos traballadores e traballadoras denuncian, ademais, a nula vontade de acordo por parte de ENCE neste proceso e a falta de avances significativos nas mesas de negociación celebradas ata agora, así como a percepción de que o Goberno galego permanece de perfil, actuando máis como un directivo/a de ENCE que como un goberno que defende os intereses e necesidades da súa cidadanía, pese aos compromisos públicos asumidos en

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2025 10:53:12
Nº Rexistro: 41660
Data envío: 15/12/2025 10:53:12.208

materia de emprego, investimento e continuidade industrial vinculados no seu día á permanencia da fábrica en Pontevedra.

A postura do PSdeG-PSOE a este respecto é de sobra coñecida desde hai anos, sempre favorable á saída de ENCE de Lourizán, pero tamén ao seu traslado e mantemento noutro punto da comarca de Pontevedra, fóra da Ría, mantendo sempre, por tanto, na capital provincial ou na súa área de influencia os postos de traballo que crea esta empresa. En coherencia con isto, resulta moi preocupante para este grupo parlamentario a conivencia da Xunta de Galicia e do Partido Popular con ENCE, tanto no que ten que ver coa redución non consensuada cos representantes sindicais de 39 postos de traballo, como co incumprimento sistemático por parte da empresa do seu plan de emprego e plan de investimentos na factoría de Pontevedra, un problema que é laboral, pero tamén de saúde e de seguridade cidadá, dada a obsolescencia actual da fábrica.

Tendo en conta a relevancia social e económica deste conflito para a comarca de Pontevedra e para o conxunto de Galicia, consideramos urxente que o Goberno galego, co seu presidente á fronte, asuma un papel activo e determinado para impedir por todos os medios posibles un ERE que suporía un golpe severo para o emprego, a economía local e a industria galega e sobre o que existen serias dúbidas de que se poida soster de xeito legal conforme á conta real de resultados económicos da empresa.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1.Que actuacións concretas levou a cabo o Goberno galego desde que ENCE anunciou o ERE?

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. E por que, pese ás mobilizacións dos traballadores e traballadoras, e ás peticións expresas de reunión, a Xunta non interveu de maneira efectiva para evitar os despedimentos?

3. Considera a Xunta de Galicia aceptable que ENCE, despois de se beneficiar do apoio político e institucional do Goberno galego para supostamente garantir a súa permanencia en Pontevedra, pretenda agora aplicar un ERE que destrúe emprego?

4. Que mecanismos pensa activar o Goberno galego para garantir que se cumpran os compromisos de investimento e incremento do emprego que a empresa asumiu no pasado?

5. Pode indicar o Goberno galego que medidas de presión administrativa, mediación ou supervisión laboral pretende aplicar a Xunta —de maneira inmediata— para obrigar á empresa a reconsiderar o ERE e evitar a destrución dos postos de traballo, e por que non foron empregadas antes?

6. Ten coñecemento o Goberno galego da posible adquisición por parte de ALTRI da factoría de ENCE en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2025 10:53:12
Nº Rexistro: 41660
Data envio: 15/12/2025 10:53:12.208

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 15/12/2025 10:50:02**

**Patricia Iglesias Rey na data 15/12/2025 10:50:12**

**Lara Méndez López na data 15/12/2025 10:50:20**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2025 10:53:12
Nº Rexistro: 41660
Data envio: 15/12/2025 10:53:12.208

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/12/2025 10:53:13**

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/12/2025 17:16:52
Nº Rexistro: 42118
Data envio: 16/12/2025 17:16:52.617

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/12/2 17:15
Por Óscar Insua Lema

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Oscar Insua Lema** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as queixas sobre dereitos lingüísticos recollidas no informe anual da Valedora do Pobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 16/12/2025 ás 17:15
Por Mercedes Queixas Zas

O informe anual presentado pola Valedora do Pobo recolle varias queixas en relación cos dereitos lingüísticos, moitas delas afectan directamente á administración galega, aínda que tamén un número importante está relacionado coa imposibilidade de usar o galego con normalidade na administración xeral do Estado en Galiza.

En concreto, o informe fai referencia a:

- documentación clínica (consentimentos informados) ou instrucións para o persoal do centro de saúde e para o paciente achegadas por un servizo hospitalario de Anatomía Patolóxica sobre a recollida de mostras nos centros de saúde de Atención Primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee).

- falta de atención telefónica en galego por parte de persoas empregadas en empresas municipais ou nunha dependencia do SERGAS na Área Sanitaria de Lugo.

- queixa dun cliente de Iberdrola que solicitara recibir as súas facturas e comunicacións en galego.

- queixa pola negativa de empresas aseguradoras de remitir a póliza ao cliente en galego.

- anuncio do Concello de Ferrol de que redactaría unicamente en castelán todos os contratos que fose licitar.

- queixa sobre a imposición do uso do castelán por parte dun facultativo no curso dunha consulta médica nun centro de saúde.

Asinado o día 16/12/2025 ás 17:15
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- queixa por discriminación da lingua galega na documentación, formularios e carteis da Delegación de Facenda en Vigo;

- incumprimento da obriga de uso das linguas cooficiais por unha compañía aérea contratada polo IMSERSO;

- unha reclamación ao Instituto Cervantes por non permitiren realizar a proba de lingua como parte dos trámites para obter a nacionalidade española

- queixa por mor da negativa da Dirección General de Tráfico (DGT) a tramitaren unha reclamación por estaren redactada en galego.

- dúas queixas sobre o uso da toponimia oficial por parte da Axencia Tributaria de Galiza (ATRIGA)

- queixa sobre o topónimo do Sisto, en Dozón.

Loxicamente, non podemos entender o informe da Valedora do Pobo como un relatorio exhaustivo da situación da lingua galega, nin da realidade das persoas que queren facer un uso normal da lingua galega ante as diferentes entidades, empresas e institucións, mais si que recolle queixas que teñen relevancia e das que o goberno galego debe facer acuse de recibo e actuar en relación con elas. Cada unha destas queixas foi recollida e analizada pola oficina da Valedora do Pobo, mais solicitamos que o goberno galego tamén as teña en conta e actúe en consecuencia.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Ten previsto o goberno galego pór en marcha algunha medida en relación coas queixas relacionadas cos dereitos lingüísticos que recolle o informe da Valedora do Pobo para 2024?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-OQTxebpKo-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

